

Varia

Palabras lidas polo profesor Alonso Montero no acto oficial de entrega dunha parte do seu arquivo filolóxico á Universidade de Santiago de Compostela (Salón Nobre de Fonseca, 1-7-2008)

Xesús ALONSO MONTERO

Universidade de Santiago de Compostela

A Patricio Sinot, mártir da Gramática

Algúns seres humanos, cando chegan ó solpor, adoitan facer testamento e legar as súas pertenzas (ou parte delas) a aquelas persoas ou institucións que mellor poden conservar ese herdo e beneficiarse del. Eu escollín a Universidade de Santiago de Compostela para ofrecerlle unha parte do meu patrimonio literario, e énceme de orgullo que o señor Reitor, don Senén Barro, e o señor Vicerreitor, don Elías Torres, aceptasen e acollesen o meu legado, este meu pequeno legado.

¿Por qué escollín a Universidade de Santiago de Compostela? Aínda que non fun alumno nas súas aulas, fun profesor, primeiro de Literatura Española no Colexio Universitario de Vigo¹, e, logo, de Literatura Galega aquí, na sede metropolitana, onde, por oposición, conseguín esa cátedra cando xa cumprira sesenta e dous anos, a idade –reparen vostedes– nas que conseguiron as súas, na mesma Universidade, don Ramón Otero Pedrayo² e do Ricardo Carballo Calero³. Quizais a coincidencia vai máis alá do anecdótico, bastante máis alá.

Non esaxero ó afirmar que na miña biografía de profesor nunca fun beneficiario, para a miña lexítima promoción, de axudas de ningún tipo, e debo

engadir que, antes de 1976, fun obxecto de duras sancións, algunhas moi vencelladas a nomes moi relevantes do organigrama executivo desta Universidade (non só García Garrido, xurista e reitor de infausta memoria).

Pero foi nesta Universidade, en 1999, o ano da miña xubilación preceptiva, onde fun obxecto dun recoñecemento, dun grandioso recoñecemento, dun inesquecible recoñecemento que nin esperaba e que, na súa medida, non merecía. Propúxoo o Departamento de Filoloxía Galega e organizárono, esencialmente, dúas profesoras que teñen nome e apelidos: a doutora Rosario Álvarez Blanco e a doutora Dolores Vilavedra Fernández. O resultado foron eses dous voluminosísimos tomos –máis de tres mil páxinas– que elas titularon *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero*. Non hai hipérbole se digo que estas dúas abnegadas profesoras dedicaron, durante ano e medio, centos de horas das súas vidas a deseñar, coordinar, articular e editar este inxente corpus de traballos académicos, corpus –comunicoume en carta Fernando Lázaro Carreter– “en el que se veía la cantidad y densidad de afecto”. (Non fago referencia, por non ser esta a circunstancia

¹ Cando este Colexio pertencía á USC. Eu fun profesor de 1977 a 1989, ano no que opositei á praza de profesor titular, na Facultade de Filoloxía da USC, de Literatura Galega. Dous anos despois, opositei á cátedra da mesma materia, da que fun, en realidade, o primeiro catedrático, pois o profesor Ricardo Carballo Calero, o meu “antecesor”, opositara, no franquismo serodio, a unha asignatura titulada Lingüística e Literatura Galegas.

² Otero Pedrayo (1888-1976) opositou á cátedra de Xeografía da Facultade de Filosofía e Letras da USC en 1950, pouco despois de ser repostado como catedrático de Xeografía e Historia do Instituto de Ourense, cátedra da que fora despojado en agosto de 1937.

³ Ricardo Carballo Calero (1910-1990) opositaba a cátedras de Instituto, no verán do 36, en Madrid, onde o sorprendeu a Sublevación. Oficial do exército republicano, finalizada a guerra, foi prisioneiro político varios anos. En 1972 gañou por oposición a cátedra de Lingüística e Literatura Galegas.

axeitada, a problemas especiais que as responsables editoras tiveron que resolver).

Non era eu daquela, nin o son hoxe, persoa que, como cidadán e filólogo, fixese a mesma lectura ca elas do texto sincrónico e diacrónico de Galicia; aínda así, as filólogas Rosario Álvarez e Dolores Vilavedra, cunha grandeza de espírito pouco habitual nos predios universitarios, dedicaron eses centos de horas do seu acontecer para que a miña xubilación fose un acto xubiloso. Eu, en pago (módico pago), dediqueilles, ás dúas esforzadas e ilustres profesoras, a miña última lección, titulada *Literatura: lección de clausura* (Foi impresa e repartida no mesmo acto académico)⁴.

O que non saben elas é que eu escribín, como dedicatoria, un texto de dez folios á man (eu sempre manuscibo) intentando manifestarles a miña fonda emoción e a miña infinita gratitude, pero quedei tan insatisfeito da miña prosa que rachei os folios, momento no que invoquei as musas da Latínidade e estampeí esta dedicatoria:

Para
Rosario Álvarez Blanco
e
Dolores Vilavedra Fernández, “grato ánimo,
ex toto corde”

O latín, coa súa intensidade e a súa concisión, ás veces resolve certas situacións difíciles.

A esta Universidade, tan xenerosa comigo, lego hoxe unha parte –penso que non desdeñable– do meu patrimonio intelectual.

Antes da miña xubilación académica como catedrático da Facultade de Filoloxía (1999), manifestei ó profesor Antón Santamarina que legaría ó Instituto da Lingua Galega, que el dirixía, o material recadado, de 1958 a 1970, en centos e centos de inquéritos lingüísticos por min elaborados e recibidos. Ese material, máis de 1400 folios de respostas, está, na súa inmensa maioría, inédito. Son consciente de que moitas destas respostas están superadas por tantos e tantos estudos posteriores, unha boa parte dos cales son obra directa ou

indirecta do Instituto da Lingua Galega, unha das institucións que eu máis admiro e que máis honran á Universidade de Compostela. Esta miña doazón é unha homenaxe ó labor pasado e presente do Instituto, labor protagonizado por lingüistas algúns dos cales son xa nomes ilustres da Romanística. Debo engadir que, cando ofrecín este material ó Instituto, emocionábame a idea de que sería recibido polo profesor Antón Santamarina, cuxa biografía filolóxica coñezo e admiro desde o curso 1960-61, o curso en que el, alumno meu de Preuniversitario no Instituto de Lugo, era xa un mestre nos tpos e nos hipérbatos da *Fábula de Polifemo y Galatea*, aquela alfaia poética do Góngora máis barroco⁵. Hoxe, quen o dirixe é unha ilustre lingüista: a profesora Rosario Álvarez Blanco.

Polas mesmas datas, máis ou menos, comuniqueille a don Darío Villanueva, daquela Reitor da nosa Universidade, que pensaba facer esa doazón ó Instituto da Lingua Galega, noticia que, polo seu cargo, debería ser o primeiro en saber. Recoñezo que me confortaba materializar a doazón nunha data en que o profesor Villanueva presidía as nosas institucións universitarias. Polo que fose, fun demorando a recolleita e organización do material, na balumba dos meus papeis, e o resultado, que non me enorgullece, é este: materializo a doazón case dez anos despois. Só me exonera un pouco a circunstancia de que o inxente material, froito de catro enquisas, achégoo organizado cun criterio que xulgo pertinente.

Pasado algún tempo, entendín que debería facer un obsequio á Biblioteca da Universidade, concretamente á súa Sección de manuscritos modernos. Non sei, no futuro, cal será a entidade dunha sección que, noutras universidades, enriquecen e agariman desde hai tempo. Os meus manuscritos serán, no elenco da sección, os manuscritos dun cidadán galego que aínda manuscibe, que aínda escribe a man. Serán manuscritos, pois, dun escritor dunha raza hai tempo en extinción. Escollín, para tal efecto, un libro e dúas conferencias: titúlase aquel *A batalla de Montevideo (Os agravios lingüísticos denunciados na UNESCO en 1954)*, publicado por Xerais no ano 2003. En canto ás conferencias, ambas as dúas foron lidas por min en actos solemnes da Universidade.

⁴ Literatura: lección de clausura (Mestres, profesores, propostas), Ediciós do Castro, 2000.

⁵ Neses anos, a asignatura de Literatura Española no Preuniversitario consistía na lectura e estudo dunha soa obra: *El gran teatro del mundo*, de Calderón de la Barca (1958-1959); *El Quijote*, de Cervantes (1959-1960); *Fábula de Polifemo y Galatea*, de Góngora (1960-1961); *El villano en su rincón*, de Lope de Vega (1961-1962); *Historia de las ideas estéticas en España*, de Menéndez Pelayo (1962-1963).

Titúlase a primeira *Literatura: lección de clausura*, e foi, realmente, a miña lección de despedida, que ditei, no Paraninfo, o 25 de febreiro do 2000. Publicouna, para a ocasión, Edicións do Castro. A segunda conferencia, proferida no Salón Nobre de Fonseca o 12 de maio do 2005. titulouse *Dous días na vida de Lorenzo Varela, exiliado republicano en Buenos Aires: o 3 de febreiro de 1943 e o 25 de agosto de 1944*. Foi a propia Universidade quen a publicou nun breve e pulcro volume.

Semella claro, creo, que os textos manuscritos que entrego á Universidade, son, no seu contido, representativos do meu labor filolóxico: unha incursión no universo político da problemática da lingua galega no franquismo, e un achegamento ó universo marxista de certos escritores galegos. Non son estes os únicos temas sobre os que me debruicei desde 1951, data do meu primeiro artigo de asunto filolóxico⁶, pero pertencen, sen dúbida, ós temas que máis frecuentei.

Hai aproximadamente dous anos e medio, xa Reitor don Senén Barro Ameneiro, comuniquéille á Vicerreitora de Extensión Cultural, dona Mar Lorenzo Moledo, a miña idea de entregar á Universidade, ademais das enquisas xa mencionadas, tres manuscritos representativos, en canto ó contido, da miña obra de profesor e investigador. A profesora Mar Lorenzo non só acolleu a noticia con entusiasmo senón que, axiña, me fixo chegar o documento oficial no que formalizaría a doazón. Era o 1 de xuño de 2005, e eu, que tiña dispostos axeitadamente os manuscritos, aínda non ordenara parte do inxente material dos catro inquéritos lingüísticos. Agradezo, unha vez máis, a acollida manifestada pola profesora Mar Lorenzo, cuxa vicerreitoría ocupa hoxe o meu estimado colega don Elías Torres Feijoo. A el e, por suposto, ó señor Reitor, don Senén Barro, a miña gratitude.

Volvéndomos ós inquéritos, quizais deba indicar ou suxerir que a doazón das respostas das catro enquisas (co seu material complementario), debe entenderse como unha doazón á Universidade de Santiago de Compostela, e debe ser ela –o seu equipo directivo– quen decida que instancia física debe acoller e custodiar ese legado. Se, como penso, o destino é a Biblioteca Xeral –na sección de manuscritos modernos– non sería difícil idear un

método de relación que facilitase o acceso ós lingüistas do ILGA para a consulta e, nalgúns casos, a edición e investigación dese material, en boa parte manuscrito. Feita, en voz moi baixa, esta suxestión, acollereime con gusto ó criterio do señor Reitor ou da Xunta de Goberno da Universidade.

Esta miña doazón á Universidade é, ben o sei, unha contribución mínima ó seu patrimonio intelectual e documental, pero eu non estou en condicións de entregar á vella institución compostelana diñeiro para as súas investigacións ou edificios para as súas actividades. O meu capital –o meu capitalciño– é doutra índole. Filólogo sempre, regalo, á Universidade, palabras. Se con elas a institución “fulget” un pouquiño máis, dareime por satisfeito⁷.

Rebus sic stantibus, debo asomarme á biografía da nosa Universidade, a unha parte da súa biografía, incursión na que lembrarei a algúns dos seus protagonistas intelectuais, especialmente a aqueles que, na cátedra ou fóra dela, emitiron palabras ou xestos non gratos ó Poder, xestos e palabras non suscribibles por moitos dos seus colegas. Foron, case sempre, palabras proferidas nun clima cultural –e clerical– hostil ou indiferente. Nunha brevíssima escolleita imponse lembrar:

1. A Pedro Pablo Bazán de Mendoza, Catedrático de Insitucións Cívís e tradutor de Voltaire⁸ antes e despois de 1809, o ano en que, desde a súa alta responsabilidade política compostelana, suprimiu o Tribunal da Inquisición. Bazán de Mendoza morreu no exilio, en París, o ano 1853, que foi o Ano da Fame (por antonomasia) en Galicia.
2. No exilio, pero no de Buenos Aires e no ano 1970, morrería un camarada de inquadanzas, Antonio Baltar Domínguez, profesor de Histoloxía e Anatomía Patolóxica na nosa Facultade de Medicina. Os ventos bravos do verán de 1936 levárono a terras arxentinas. Espírito progresista onde os haxa, impúñase lembralo nesta alocución.

⁶ “A lingua galega desde Curros”, no vol. 3 da Colección “Grial”, *Presencia de Curros y Dª Emilia*, Vigo, Galaxia, 1951, pp. 69-73.

⁷ No acto académico entregouse ós asistentes un opúsculo titulado *O meu legado á Universidade de Santiago de Compostela*, USC, 2008.

⁸ De 1806 (Madrid) é a traxedia *Hirza*, e de 1811 (Alais) é o poema épico *La Henriada*.

3. Cómpre lembrar tamén a Domingo Fontán Rodríguez, catedrático de Matemáticas Sublimes (así se chamaba a materia que impartía nas nosas aulas). É o autor do mítico Mapa de Galicia⁹ no que traballou deza-sete anos sen axudas económicas de ningún tipo. Un Goberno absolutista privouno da súa cátedra de 1823 a 1826.
4. E hai que lembrar a conferencia que pronunciou, en 1872, o profesor Augusto González de Linares sobre o evolucionismo, varios anos antes de que se publicara en España a primeira tradución do gran libro de Darwin sobre a orixe das especies. Foi el, catedrático de Historia Natural, e mais Laureano Calderón, catedrático de Farmacia químico-orgánica, os que, en 1875, se opuxeron rotundamente ó Decreto de Manuel Orovio, Ministro de Fomento, un decreto que restrinxía gravemente a liberdade de cátedra. Foi precisamente o profesor Laureano Calderón quen na súa resposta ó Ministro estampou, o 5 de marzo de 1875, estas palabras de ouro:

... no he sido nombrado profesor para formar catecúmenos de ninguna relixión ni partidarios de sistema político alguno, sino para enseñar ciencia, en la que se busca sólo la verdad sin distinción de orígenes...

O profesor Calderón e o profesor González de Linares –este con antecedentes darwinistas–, foron destituídos, destitución que provocou, en certa medida, a chamada “segunda cuestión universitaria”, que está nos alicerces da Institución Libre de Enseñanza.

Certo que houbo, antes e despois do tráxico verán de 1936, profesores e alumnos que estiveron moi lonxe do discurso intelectual e académico que, dun xeito ou doutro, representan, desde fins do século XVIII, Bazán de Mendoza, Domingo Fontán, González de Linares, Laureano Calderón, Antonio Baltar e algúns outros. Pero eu, como docente desta Universidade, tratei de captar o espírito destes ilustres e esforzados colegas, espírito ó

que non son alleas as profesoras Rosario Álvarez e Dolores Vilavedra.

Ben sei que na biografía da nosa Universidade e noutras, hai outro tipo de protagonistas, no noso caso os docentes que, no seu día, propuxeron, como Doutor Honoris Causa, a Francisco Franco, Xefe de Estado inmisericorde, que, ademais de mutilar familias, mutilou a Ciencia, o Pensamento, a Investigación e a Creación literaria. Entre os formuladores e os consentidores deste discurso intelectual monolítico e intocable, estaban os que en 1970 impedíronlle explicar Literatura no COU experimental a un catedrático do instituto Masculino de Lugo, curso aquel do que era alumno, entre outros, o poeta Xesús Rábade Paredes.

O día que se faga a historia dos dous discursos –o crítico e o rutinario– haberá que ter moi en conta o pensar e o actuar dos alumnos universitarios, especialmente os da FUE dos anos trinta e os que, décadas despois, protagonizaron o 68 compostelán, aquela arriscada e fermosa protesta. Daquelles quero citar tres que coñecín, admirei e admiro: Luís Seoane, Domingo García-Sabell e Francisco Fernández del Riego. En canto ós do 68, tratei, en maior ou menor medida, a sete dos 23 que xa nos deixaron: Rafael Báñez, Pepe Caamaño González, Carlos Casares, Victoria Díaz Cabanela, Luís Mariño, Maite Otero Sande e Antonio Rodríguez Rodríguez. O primeiro, o gran Rafael Báñez, alumno meu no Instituto Masculino de Lugo, lévoos e levareinos sempre no corazón. Estudou Dereito para que as Leis non foran de Dereitas. Era, ademais, entrañable, e recitaba prodixiosamente ben os versos de Rosalía.

Un dos alumnos da FUE, Luís Seoane –avogado da mesma escola xurídica que Rafael Báñez– escribiu, no exilio arxentino, en 1959, un drama que titulou *El irlandés astrólogo*, protagonizado por Patricio Sinot, quen, sen sabermos moi ben por qué, veu de Irlanda a Compostela a fins do século XVI como profesor de Gramática, ou sexa, de Latinidade. A Inquisición do noso país condenouno por practicar a astroloxía xudiciaria. Este feito é o único dato histórico que coñece Seoane para construír o relato dramático deste profesor irlandés exiliado en Galicia. Ignoraba daquela o gran Luís Seoane que Patricio Sinot fora reprendido severamente polo Clasutro da universidade por empregar, nas clases, como libro de texto, a *Arte* de Anto-

⁹ O Fontán, metonimia coa que se cita o celeberrimo mapa, titulouse *Carta geométrica de Galicia dividida en sus provincias* (París, 1845).

nio de Nebrija e non o *Método* dun tal Bravo. ¡Lástima que o noso escritor non aproveitase na súa peza de teatro o dramatismo de quen, alén de exiliado e astrólogo impío, propuña nas súas clases os criterios filolóxicos de Nebrija, que eran, no fondo, os de Lorenzo Valla e os dos grandes latinistas do Renacemento. Do que se trataba era de propoñer, nas cátedras de Gramática e letras humanas, a modernidade, tan combatida pola barbarie dos vellos gramáticos. Palabras tan ríspitas non son miñas, son do profesor Francisco Rico, que titulou, en 1978, un libro seu *Nebrija frente a los bárbaros*. Resulta que case cen anos despois da morte de Elio Antonio de Nebrija, na Universidade de Santiago, Patricio Sinot aínda tiña que enfrontarse ós bárbaros, á antimodernidade. Eu levo anos facendo con-

xeturas sobre este profesor exiliado que, ó parecer, tampouco foi profeta fóra da súa terra. El é, no eido das Letras humanas do Renacemento, ó seu xeito, precursor de Bazán de Mendoza, de Domingo Fontán, de Agustín González de Linares, do propio Luís Seoane, etc, etc.

Eu, como profesor de Letras humanas –alleas totalmente ás divinas– síntome no ronsel de Patricio Sinot, esa biografía aínda tan problemática para nós. Instalado nese ronsel, entrego hoxe á USC –e poño o acento nos nomes glosados positivamente– unhas cantas palabras. É o capitalciño dun filólogo; outro non teño.

A miña inmensa gratitude á Universidade da que acabo de falar. Graciñas, e , para ela, ¡saudiña e cante o merlo!¹⁰

¹⁰ As presentes notas non figuraban no discurso lido o 1 de xullo de 2008.